



**D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 17 de xullo de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

**13.- TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PARA ADAPTACIÓNS DAS TARIFAS DE AUGA AO ART. 12 DA LEI 9/2019, DE 11 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS DE GARANTÍA DO ABASTECIMENTO DOS EPISODIOS DE SECA E NAS SITUACIÓNS DE RISCO SANITARIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXPTE. 2689/500.**

Dáse conta do informe-proposta do 13/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Inspección de Tributos, pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Lei 9/2019, de 11 de decembro, do Parlamento de Galicia, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario establece, no seu artigo 12, a necesidade de eliminar nas tarifas do servizo de abastecemento de auga “*mínimos exentos*”.

Neste senso, o artigo 12.3 da citada Lei 9/2019, sinala imperativamente que “*As administracións públicas responsables revisarán as súas ordenanzas ou normas reguladoras ...*”.

Xa que logo, resulta obrigado adaptar as tarifas previstas nos apartados I, II, III e IX do artigo 5 da Ordenanza nº 60 reguladora das “prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”, que contén un consumo mínimo a facturar a todos os usuarios, para cumprir co mandato legal de que a estrutura tarifaria -resultado da adaptación- “*diferenciará os tramos en función da auga consumida*”, e todo isto, “*sen prexuízo da existencia dunha cantidade fixa polo feito da prestación do servizo*”.

II.- En cumprimento da devandita Lei autonómica, en data 10 de xuño de 2020 o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda ordeou o inicio da tramitación da ADAPTACIÓN DAS TARIFAS DA AUGA AO ARTIGO 12 DA LEI 9 /2019 DE 11 DE DECEMBRO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. (ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PUBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. (60)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

**Primeira.-** O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen a potestade regulamentaria aos municipios. Por outra



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/07/2020 08:59 | Páxina 1 de 3

Expediente 2689/500

CSV: 2BEHE3-8HCF38-8A4H3B-YWXTFE-A1E53K-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

banda, o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP) reconece a potestade regulamentaria aos órganos de goberno locais.

**Segunda.-** Debe considerarse o disposto no artigo 133.1 da LPACAP no tocante á tramitación dos anteproxectos de lei ou regulamentos, que dispón que: “ *Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:*

- a) *os problemas que se pretende solucionar coa iniciativa*
- b) *a necesidade e oportunidade da súa aprobación*
- c) *os obxectivos da norma*
- d) *as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias”*

**Terceira.-** De conformidade co disposto no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos, polo que formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

**Primeiro.-** Abrir o preceptivo trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, para a adaptación das tarifas previstas nos apartados I, II, III e IX do artigo 5 da Ordenanza nº 60 reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais ao artigo 12 da Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran no Anexo I ao presente acordo.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

**Terceiro.-** Dar publicidade ao presente acordo a través da intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.

#### ANEXO I.- Consulta pública

Problemas que se pretenden solucionar coa norma	O desenvolvemento regulamentario do mandato legal disposto no artigo 12 da Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A previsión legal obriga á adaptación da Ordenanza reguladora das “prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”, de forma que non se trata de motivos de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/07/2020 08:59

Páxina 2 de 3

Expediente 2689/500

CSV: 2BEHE3-8HCF38-8A4H3B-YWXTFE-A1E53K-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



	oportunidade
Obxectivos da norma	Adaptar a Ordenanza, nos termos da nova norma legal e regular os distintos aspectos das contraprestacións do servizo de abastecemento, alcantarillado e depuración no marco dos procesos diferenciados do ciclo integral da auga
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	Non hai alternativa regulatoria nin non regulatoria, pola obriga de aplicación da normativa europea, estatal e autonómica.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/07/2020 08:59	Páxina 3 de 3
Expediente 2689/500	CSV: 2BEHE3-8HCF38-8A4H3B-YWXTFE-A1E53K-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		